

## O ROIBÉN: LITERATURA GALEGA EN MADRID

Desde tempos remotos, a vida cultural galega vaise ver obrigada -en certas épocas e por circunstancias de diversa índole- a desenvolverse alén das nosas fronteiras territoriais. Así, é indiscutible a importancia de espazos como Cuba nas postrimerías do século XIX, Bos Aires nos anos máis inmediatos da posguerra franquista ou Madrid que acolle, na década dos cincuenta ós autores do grupo Brais Pinto, ve nacer os Cadernos da Gadaña e asiste á confección da revista *Loía*, xa iniciada a transición democrática. Precisamente, nesta urbe desenvolve as súas actividades o grupo Bilbao, colectivo que nace en 1996 en forma de tertulia poética para vincular a aqueles autores de expresión galega que habitan a área de influencia desta cidade. Formado, inicialmente, por Xavier Frías, Fermín Bouza e Vicente Araguas, o grupo irá adquirindo cada vez máis consistencia coa chegada de Claudio Pato, Crisanto Veiguela, Manuel Pereira Valcárcel ou Xosé Manuel Outeiro, entre outros. Das súas xuntanzas mensuais no Café Comercial -sito na glorieta de Bilbao, de onde toman o seu nome-, saíran diversas iniciativas, sendo a máis importante a publicación dos cadernos de poesía “O Roibén”. Deste xeito, o grupo actúa como matriz para unha actividade editorial que se decanta pola descuberta de voces novas e vai ser o vehículo adecuado para facer pública a súa primeira obra antolóxica: *Comercial*<sup>1</sup>. Asumindo unha nomenclatura que quere simbolizar “*unha cor de esperanza no renacemento da lingua galega*”<sup>2</sup>, os cadernos do Roibén nacen baixo o selo editorial de Río Xubia para logo, tras dos cinco primeiros números publicados, asumir o logotipo da Acef (Asociación Celso Emilio Ferreiro) con sé tamén en Madrid.

Ata o momento son dez as obras que viron a luz desde 1998, ano en que se constitúe o consello editorial da colección presidido por Xavier Frías Conde e se publican os dous volumes iniciais, ambas as dúas obras de autor colectivo: *Carreiros* e *Comercial*. Aproveitando a vixor das letras galegas na bisbarra asturiana do Eo-Navia, *Carreiros* recolle a obra de tres poetas de distinta xeración: Adela Conde (1925), Crisanto Veiguela (1959) e Xavier Frías (1965), integrantes todos eles do colectivo literario Cotarelo Valledor. O volume arriquecese así co autodidactismo de

---

<sup>1</sup> Unha selección de poemas destes autores pódese atopar tamén no número monográfico que o suplemento “Revista das Letras”, editado por *O Correo Galego*, dedica ós “Poetas galegos en Madrid” e onde figuran textos de Fermín Bouza, Vicente Araguas, L. Lobeira, P. Valcárcel, X.M. Outeiro, Frías Conde, V. Veiguela e Claudio Pato, acompañados por un artigo de Araguas sobre o grupo Bilbao. Vid. “Revista das Letras”, nº 296, 13-1-2000.

<sup>2</sup> Cfr. *Carreiros*, Edicións Río Xubia, Colección O Roibén, 1998, contraportada.

Adela Conde quen se inspira na paisaxe e nunha relixiosidade franciscana -de onde xorde o sentimento de que “*Non é esencial longa vida,/ senón sabela vivir cada hora,/ cada instante con reinante alegría,/ sen fumos nin mal querer,/ retiremos as espías/ que cheguen al noso pé*”-; coa defensa da fala e da terra presente en Crisanto Veiguela -“*A fala que hoi escribo/ ten máis anos/ que todos os que dura esta vergonza/ vergonza del sou son, das súas palabras/ del sou sotaque cantarín*”- e coa veta amoroso-erótica que Xavier Frías mestura cunhas paisaxes desoladas polo paso do tempo, temática que explorará tamén en poemarios posteriores como *Azul e terra*, editado nesta mesma colección.

Pola súa parte, *Comercial* (1998) vai recoller, baixo o subtítulo de “Poesía galega en Madrid”, os versos de Vicente Araguas, Fermín Bouza, Xavier Frías, Claudio Pato, José Manuel Outeiro e Manuel Pereira. O volume nace coa intención de “*ser un mostradoiro do que desde a capital de España se está a facer nesta fin de século XX coa lingua de Rosalía*”<sup>3</sup> e resulta un produto heteroxéneo dada a diversidade de voces que nel figuran. Pásase, así, do cosmopolitismo de Araguas, ó canto á soidade en Fermín Bouza e ó verso anárquico de Claudio Pato<sup>4</sup> que se conxugan coa busca da esencia do minúsculo en José Manuel Outeiro -“*eu sou da líquida e fresca beleza/ dos alegres momentos efémeros/ de cálida tersura,/ inexplicavelmente alegres*”- e os moldes medievais utilizados por Manuel Pereira para construír cantigas de amor con procedementos como o leixaprén.

Xa en 1999, ven a luz dous cadernos individuais: *Xábreggho* de Carlos Solla e *Todo morte* de Manuel Pereira Valcárcel. Nado en Pontevedra en 1971, Carlos Solla busca en *Xábreggho* unha nova concepción das palabras que, superando o seu carácter de tabú, acabarán sendo, segundo afirma Ana Acuña, “*nomeadoras das mil mortes pequenas que están a cabalo de nós a cotío*”<sup>5</sup>. A identificación coa terra e os bechos experimentada por este autor remiten a un estadio primixenio onde o animal é símbolo e metáfora e así, “*mámoa quero ser/ cetáceo ardentía/ (e) estrondar enriba/ cascarabolo/ coa fura do mosco*”. Pola súa parte, *Todo morte* (1999) constitúe o punto inicial da carreira poética de Manuel Pereira Valcárcel un autor que se move na liña

---

<sup>3</sup>Cfr. *Comercial*, Edicións Río Xubia, Colección O Roibén, 1998, contraportada.

<sup>4</sup> Esa poética críptica, de referencialidade escura que logo desenvolve de maneira máis completa en *O almorzo do pintor de iconos Andrei Rublev*, Xerais, Vigo, 1998.

<sup>5</sup> Cfr. Acuña, Ana, “Limiar”, en Solla, Carlos, *Xábreggho*, Edicións Río Xuvia, Colección O Roibén, 1999, p. 6.

lírico-amorosa vehiculada baixo formas diversas como se pode apreciar tamén na súa obra máis recente, *Rosa íntima*<sup>6</sup>.

O caderno número cinco da colección vén ser unha mostra da poesía asturiana de Berta Piñán, Humberto González e Alfonso Velázquez, recollida en edición bilingüe baixo o título *Xeitos de falar* (1999). Nel, estes poetas que representarían, segundo afirma Xavier Frías no prólogo ó volume un segundo *Resurdimientu* no sistema literario asturiano, ofrecen unha ampla mostra da súa obra individual. Deste xeito, Berta Piñán amósase fascinada pola cotidianeidade, polos xestos pequenos e as figuras femininas da historia mentres Humberto González recorre á brevidade textual para deixar constancia do paso do tempo e Alfonso Velázquez representa a pegada moderna introducindo no poema elementos da realidade urbana xunto coa contemplación dun mundo frío e desolado onde o amor é o eixo fundamental: “*Toda palabra tuya ye dulce,/ pero más dulces son les que nun dices./ Por eso, amor mío,/ esquivote y búscote nel silenciu*”.

Xa vencellados ó selo da Acef, os cadernos entran nunha segunda etapa que se inicia no ano 2000 en que se publican os, por agora, últimos títulos. Todos eles individuais, agás *Simbiose* (froito da colaboración entre Victoria Veiguela e Susana González) e *Hidroemas* (obra de Luís Miguel Luna e Óscar A. Curieses). Este último volume fai parte dunha tetraloxía destinada a cada elemento da natureza buscando, como sinala no prólogo Ana Acuña, dar “*unha explicación das orixes dende a mitoloxía ata a filosofía*”<sup>7</sup>. Agora a auga é un elemento dual (xerador e destrutivo) que nos introduce nun estadio onírico onde o perigo e a presenza de seres fabulosos é unha constante. Próximos a un ton moderno, e mesmo posmoderno, os versos éñchense de elementos propios da vida urbana e de referencias ó cine:

*“Dominio da abstracción sen habitantes  
só curvas amarelas  
dan contraste ao calmado cobalto.  
Vin dende moi lonxe  
a escoita-lo silencio de area nas marxes  
transitadas parábolas de elipses confusas.  
Sinto os meus ángulos líquidos como alleos  
trapecios oscilantes submarinos  
desterrados baixo o sol”.*

---

<sup>6</sup> Espiral Maior, A Coruña, 2000.

<sup>7</sup> Cfr. Acuña, Ana, “A vida co petar das ondas”, en Luna, Luís Miguel e Curieses, Óscar A., *Hidroemas*, ACEF, Colección O Roibén, Madrid, 2000, p. 4.

Pola contra, *Azul e terra (Poesía eonaviega 1997-1999)* significa a consolidación do verso de Xavier Frías Conde pois nesta obra, como afirma Inma López Silva, “o lirismo se ispe de todo aquilo que lle sobra para se converter en mecanismo primeiro de afondamento no eu, un eu que queda submerso nas entredeas das súas propias sensacións e ve pasar o amor, a saudade e o tempo como nun teatro no que, a final, el é o protagonista”<sup>8</sup>. Dividido en dúas partes, o libro supón o triunfo do amor sobre “un tempo de cinza” que todo o embaza mesturando a potencialidade erótica coa vivencia de terra e paisaxe: “Andarte hei/ rosa camíos,/ alostro de palabra,/ sorteando ausencias.// Semellas unha deusa/ enoxada e enoxable/ de silenciosos volcaís”.

Pola súa banda, Rafael Yáñez acumula sentimentos e percepcións en *Onte chovía* para consstruír un poemario onde os textos “buscan respostas nas experiencias” ata o punto de rozar a metáfora impresionista, irracional, que integra elucubracións filosóficas nun mundo onde o segredo se constitúe en elemento primordial. Todos os textos levan o título de “Reflexos de...” para falarnos da irrealidade do que vemos, pois “Toda a vida/ coma protesta,/ é sempre/ un contraste diferente./ É un punto embaixo”. De signo contraposto é *Alquimia soñada* de Xosé Galán Ortega que destaca pola condensación e brevidade, pola “pescuda interior e a relación dese mundo propio co exterior”<sup>9</sup>. É a súa unha poesía reflexiva onde a memoria e o amor se consolidan como temas fundamentais pois

“Coa memoria esquecemos a morte  
que agarda a xeito de tempo.  
O tempo declama poemas  
para fuxir de espellos  
e converterse naquilo  
que nós non vemos  
nunha palabra solemne  
grosa e perpetua  
nun meniño crescendo  
dentro dun verso”.

Así, tras estes dez primeiros froitos, a colección “O Roibén” enceta o novo século tentando ser un espacio aberto á voz dos autores de expresión galega

---

<sup>8</sup> Cfr. López Silva, Inma, “Adagios de orballo e Hamlet”, en Frías Conde, Xavier, *Azul e terra*, ACEF, Colección O Roibén, Madrid, 2000, p. 5.

<sup>9</sup> Cfr. Pereira Valcárcel, Manuel, “Introducción”, en Galán Ortega, Xosé, *Alquimia soñada*, ACEF, Colección O Roibén, Madrid, 2000, p. 3.

residentes en Madrid mentres se afianza nun labor editorial cada vez máis consolidado.

**Teresa Seara**

Dorna, 27, 2001, pp.163-167

